




XXV ANIVERSARIO – ACTO DE CLAUSURA

“25 anos de compromiso cos concellos galegos, con Galicia e coa saúde ambiental planetaria”

A GOBERNANZA AMBIENTAL NOS CONCELLOS GALEGOS CARA Á SOSTIBILIDADE DE GALICIA E Á SAÚDE PLANETARIA

“Dende Galicia para o mundo, abrindo o Atlántico a novos horizontes, comprometidos na loita contra o cambio climático, a economía circular e a saúde ambiental planetaria, necesaria para garantir o medio ambiente e a saúde humana no futuro”.

Santiago de Compostela, xoves 30 de outubro de 2025



ORGANIZA / SEDE ANFITRIONA:



**XUNTA
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICO**



XXV ANIVERSARIO – ACTO DE CLAUSURA

“25 anos de compromiso cos concellos galegos, con Galicia e coa saúde ambiental planetaria”

SAÚDA

A GOBERNANZA AMBIENTAL NOS CONCELLOS GALEGOS CARA Á SOSTIBILIDADE DE GALICIA E A SAÚDE PLANETARIA

Non dubidei cando o profesor Francisco Peña me propuxo colaborar coa organización deste Congreso co que se conmemoran 25 anos do Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2025, recoñecido a nivel internacional e pola propia OMS.

Entón, hai máis de dúas décadas, foi unha iniciativa pioneira e adiantada a súa época e a favor da sostibilidade dos nosos concellos e da saúde ambiental de Galicia, que mantivo sempre, nestes 25 anos, unha vocación de servizo público e que, sen lugar a dúbidas, conseguiu sentar as bases para o futuro sostible da nosa terra galega.

Hoxe en día, Galicia, a nosa comunidade, pode presumir de estar á vangarda da loita contra o cambio climático e isto é grazas á acción galega polo clima na que se inclúen iniciativas como as que imos poñer en valor nesta xornada.

Este mesmo ano, Galicia recibiu da man de Europa o premio Estrela do Clima polo noso liderado neste ámbito. Recoñeceuse con este galardón o traballo da Xunta polo seu papel como coordinadora do Pacto das Alcaldías, unha iniciativa que acadou a implicación dos concellos galegos na acción climática, seguindo a estela do programa que centra este congreso e que versa sobre a gobernanza ambiental nos concellos.

No ano 2000, o profesor Francisco Peña foi un visionario da importancia do eido local no desenvolvemento sostible non só dunha rexión, senón de todo o planeta, e 25 anos despois demostrase que non só é importante: é vital e prioritario.

A implicación dos concellos debe medrar cada vez máis neste asunto e, por iso, é clave a celebración de congresos como este para que se continúe debatendo sobre os grandes retos ambientais de futuro.

Cada municipio, independente do seu tamaño, xoga un papel crucial para que Galicia sexa neutra en emisións e, polo tanto, cada vez máis sostible. Os concellos son clave para a conservación dos recursos naturais, a redución da contaminación e os residuos, e para seguir preservando os nosos ecosistemas. Debemos, entre todos, en alianza, seguir promovendo prácticas que minimicen a pegada de carbono e impulsen as enerxías limpas e verdes, as enerxías renovables. Reflexionemos sobre elo. Este congreso é unha boa oportunidade para facelo.

Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático – Xunta de Galicia
Ángeles Vázquez Mejuto



XXV ANIVERSARIO – ACTO DE CLAUSURA

“25 anos de compromiso cos concellos galegos, con Galicia e coa saúde ambiental planetaria”

INTRODUCCIÓN

BREVE RECORDO HISTÓRICO DA POSTA EN MARCHA E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2025 (65+2 EDICIÓNS DE CURSOS DE SAÚDE AMBIENTAL)

A Oficina Rexional para Europa da OMS, basándose nas iniciativas de Ciudades Saudables, e tendo en conta as experiencias dos planes de sanidade ambiental locais e os programas da Axenda 21 existentes nalgúns países europeos, decidiu apoiar ás entidades locais e rexionais de cara a conseguir os obxectivos do desenvolvemento sostible, para o cal era necesario impulsar a posta en marcha de medidas de planificación e control do medio ambiente relacionadas cos aspectos sanitarios, xa que para resolver os problemas do medio ambiente, a saúde e o desenvolvemento sostible, é preciso chegar a un acordo e emprender accións non solo a nivel nacional e internacional senón tamén a nivel subnacional e local (pensar globalmente, actuar localmente).

Na liña das políticas da OMS de propoñer ambientes saudables, e coa esperanza de concienciar aos concellos galegos de asumir esta filosofía e con elo poder mellorar a xestión sanitaria do medio ambiente e así poder contribuír ao desenvolvemento sostible de Galicia e mellorar as condicións de vida e de saúde dos cidadáns, púxose en marcha en Galicia no ano 2000, o **Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2025**, iniciativa que tivo os parabéns do Dr. Agis Tsouros, coordinador do proxecto “Healthy Cities” da Oficina Rexional para Europa da OMS, e dende o ano 2008 contou co valioso apoio e participación activa da Dra. María Neira, directora do Departamento de Saúde Pública e Medio Ambiente da OMS; e tamén cabe suliñar que S.A.R. O Príncipe de Asturias D. Felipe de Borbón y Grecia, ostentou a Presidencia de Honor do “International Congress on Environmental Health-L. Curso de Saúde Ambiental” (Santiago de Compostela, 2012) e S.M. o Rey Felipe VI ostentou a Presidencia de Honor do V Congreso Galego de Medio Ambiente & Saúde-LIV Curso de Saúde Ambiental (Lugo, 2014), da Cumbre de Expertos en Medio Ambiente & Saúde (Ponteareas, 2016) e do VIII Congreso Galego de Medio Ambiente & Saúde & Turismo Sostible no Salnés-LXI Curso de Saúde Ambiental (Cambados e Sanxenxo, 2019).

Esta iniciativa, pioneira e única no seu xénero na Unión Europea e a nivel planetario, tivo como actividade principal os **CURSOS DE SAÚDE AMBIENTAL**, e como obxectivos: a/ a formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde; b/ promover un foro de debate aberto e plural no que participaron activamente todos os axentes sociais implicados na tarefa de protexer e conservar o medio ambiente e promover a saúde; c/ contribuír ao estudo da situación ambiental dos concellos, comarcas e mancomunidades de Galicia así como das posibles solucións, para o cal é preciso realizar un diagnóstico ambiental para coñecer cal é a situación real existente da que se parte, coa finalidade de adoptar as medidas correctoras que permitan correxir as deficiencias detectadas, a través da posta en marcha dun plan ambiental que conleve a adopción das medidas oportunas en cada caso concreto, priorizando as actuacións para a súa mellora en función dos recursos dispoñibles e da importancia dos problemas detectados que hai que afrontar en función da súa repercusión.

Galicia ten un patrimonio natural impresionante, cunha gran riqueza faunística, florística e paisaxística que é preciso protexer e conservar; de ahí a necesidade de facer compatible o cuidado integral do patrimonio natural galego coa posta en valor e divulgación dos seus recursos naturais. A saúde ambiental global de Galicia é aceptable, si ben é mellorable na medida que exista un maior nivel de compromiso e unidade de acción por parte de todas as Administracións públicas (especialmente da Administración autonómica galega que ten a tutela ambiental) e os axentes sociais, e se destinen máis recursos para afrontar a resolución dos problemas ambientais. Cabe destacar que os concellos teñen cada vez máis competencias en materia de medio ambiente e escasos recursos dispoñibles para afrontalas, sendo necesario destinar máis recursos ao poder local.

A posta en marcha en Galicia do **Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2025**, contou co mecenazgo, colaboración e participación de relevantes organismos, entidades e empresas do ámbito galego, nacional e internacional, e grazas á suma de esforzos foi posible chegar ata eiquí tras 25 anos de intensa e fecunda labor desenvolvida a favor da sostibilidade dos concellos galegos, da saúde ambiental de Galicia e do planeta. O Programa, no seu periplo itinerante por toda a xeografía galega, contou coa participación activa de **6.717** ambientalistas e sanitarios nas 65+2 edicións de Cursos de Saúde Ambiental celebradas (se inclúen a celebración do Simposio Internacional “Medio Ambiente e Saúde: novos retos de futuro” en colaboración coa Fundación Ramón Areces, Santiago/2015; e a Cumbre de Expertos en Medio Ambiente & Saúde, Ponteareas/2016); habéndose sumado a esta iniciativa 265 concellos (257 galegos, 2 leoneses, 1 asturiano, 2 madrileños e 3 portugueses) e 5 entidades locais e rexionais portuguesas.

A pesar da escasez de recursos e de ter que navegar contracorrente en no poucas ocasións para chegar a bo porto, esta iniciativa mantivo sempre a súa vocación de servizo público, o seu carácter plural e integrador como foro de estudo e de debate da situación ambiental, que contribuíu a sentar as bases do desenvolvemento sostenible futuro de Galicia e do planeta, ademais de mellorar a xestión e as condicións de vida e a saúde dos seus cidadáns. Con motivo da conmemoración do XXV Aniversario desta iniciativa, cabe suliñar que o inmenso esforzo realizado o longo destes 25 anos valeu a pena, o balance xeral é moi positivo e satisfactorio, pero no 2025 chegou o momento de dicir adeus e que os concellos galegos, coa lección ben aprendida, continúen pola senda da sostibilidade agora e sempre.

Prof. Dr. Francisco Peña
Fundador Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2025 e director Cursos de Saúde Ambiental



XXV ANIVERSARIO – ACTO DE CLAUSURA

“25 anos de compromiso cos concellos galegos, con Galicia e coa saúde ambiental planetaria”

EDICIÓNS CELEBRADAS CURSOS DE SAÚDE AMBIENTAL

Edicións celebradas	Data	Sede anfitrioa	Nº
I Curso de Saúde Ambiental	21-26/02/00	Padrón (A Coruña)	58
II Curso de Saúde Ambiental	10-15/04/00	Ponteareas (Pontevedra)	43
III Curso de Saúde Ambiental	22-27/05/00	O Carballiño (Ourense)	26
IV Curso de Saúde Ambiental	05-10/06/00	Carballo (A Coruña)	55
V Curso de Saúde Ambiental	19-24/06/00	Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)	25
VI Curso de Saúde Ambiental	13-17/11/00	Monforte de Lemos (Lugo)	83
VII Curso de Saúde Ambiental	22-26/01/01	A Estrada (Pontevedra)	37
VIII Curso de Saúde Ambiental	12-16/03/01	Caldas de Reis (Pontevedra)	52
IX Curso de Saúde Ambiental	07-11/05/01	Noia (A Coruña)	53
X Curso de Saúde Ambiental	25-29/06/01	Pontevedra (Pontevedra)	47
XI Curso de Saúde Ambiental	04-08/02/02	Narón (A Coruña)	79
XII Curso de Saúde Ambiental	01-05/04/02	Viveiro (Lugo)	155
XIII Curso de Saúde Ambiental	27-31/05/02	Ribeira (A Coruña)	123
XIV Curso de Saúde Ambiental	14-18/10/02	Ourense (Ourense)	164
XV Curso de Saúde Ambiental	24-28/02/03	Lugo (Lugo)	156
XVI Curso de Saúde Ambiental	02-06/06/03	Pontedeume (A Coruña)	82
XVII Curso de Saúde Ambiental	29/09-03/10/03	O Barco de Valdeorras (Ourense)	87
XVIII Curso de Saúde Ambiental	01-05/12/03	Vigo (Pontevedra)	122
XIX Curso de Saúde Ambiental	16-20/02/04	Vilalba (Lugo)	100
XX Curso de Saúde Ambiental	26-29/04/04	Silleda (Pontevedra)	82
XXI Curso de Saúde Ambiental	24-27/05/04	Verín (Ourense)	53
XXII Curso de Saúde Ambiental	18-21/10/04	Betanzos (A Coruña)	116
XXIII Curso de Saúde Ambiental	21-24/02/05	Ribadeo (Lugo)	137
XXIV Curso de Saúde Ambiental	09-13/05/05	Ribadavia (Ourense)	86
XXV Curso de Saúde Ambiental	17-20/10/05	Cangas (Pontevedra)	71
XXVI Curso de Saúde Ambiental	23-27/01/06	Arteixo (A Coruña)	146
XXVII Curso de Saúde Ambiental	24-28/04/06	Chantada (Lugo)	101
XXVIII Curso de Saúde Ambiental	22-25/05/06	Allariz (Ourense)	61
XXIX Curso de Saúde Ambiental	23-26/10/06	Cambados (Pontevedra)	81
XXX Curso de Saúde Ambiental	26-29/03/07	Lalín (Pontevedra)	114
XXXI Curso de Saúde Ambiental	04-07/06/07	Celanova (Ourense)	69
XXXII Curso de Saúde Ambiental	08-11/10/07	Burela (Lugo)	102
XXXIII Curso de Saúde Ambiental-I Congreso Galego de Medio Ambiente	26-30/11/07	Santiago de Compostela (A Coruña)	117
XXXIV Curso de Saúde Ambiental	28-31/01-01/02/08	Ordes (A Coruña)	129
XXXV Curso de Saúde Ambiental	31/03-03/04/08	Xinzo de Limia (Ourense)	114
XXXVI Curso de Saúde Ambiental-Congreso Provincial de Medio Ambiente	02-06/06/08	Lugo (Lugo)	114
XXXVII Curso de Saúde Ambiental-II Congreso Galego de Medio Ambiente & Saúde	27-31/10/08	A Coruña (A Coruña)	245
XXXVIII Curso de Saúde Ambiental	26-30/01/09	Guitiriz (Lugo)	80
XXXIX Curso de Saúde Ambiental	23-27/03/09	Castro Caldelas (Ourense)	77
XL Curso de Saúde Ambiental	05-08/05/09	Ferrol (A Coruña)	123
XLI Curso de Saúde Ambiental	13-16/10/09	Ponteareas (Pontevedra)	89
XLII Curso de Saúde Ambiental	08-12/02/10	Foz (Lugo)	91
XLIII Curso de Saúde Ambiental-III Congreso Galego de Medio Ambiente & Saúde	12-16/04/10	Ourense (Ourense)	133



XXV ANIVERSARIO – ACTO DE CLAUSURA

“25 anos de compromiso cos concellos galegos, con Galicia e coa saúde ambiental planetaria”

XLIV Curso de Saúde Ambiental	31/05-04/06/10	Ortigueira (A Coruña)	95
XLV Curso de Saúde Ambiental-I Cumio Ambiental no Eido Local Galicia-Norte de Portugal	18-22/10/10	Baiona (Pontevedra)	131
XLVI Curso de Saúde Ambiental	07-11/02/11	Cospeito (Lugo)	129
XLVII Curso de Saúde Ambiental-Congreso Provincial de Medio Ambiente	04-08/04/11	Ourense (Ourense)	132
XLVIII Curso de Saúde Ambiental	19-22/09/11	Sarria (Lugo)	55
XII Curso de Saúde Ambiental	23-25/11/11	A Cañiza (Pontevedra)	81
L Curso de Saúde Ambiental-International Congress on Environmental Health	08-11/05/12	Santiago de Compostela (A Coruña)	137
LI Curso de Saúde Ambiental	22-25/10/12	O Porriño (Pontevedra)	129
LII Curso de Saúde Ambiental-IV Congreso Galego de Medio Ambiente & Saúde	06-10/05/13	Vigo (Pontevedra)	84
LIII Curso de Saúde Ambiental	17-20/02/14	Palas de Rei (Lugo)	64
LIV Curso de Saúde Ambiental-V Congreso Galego de Medio Ambiente & Saúde	13-16/10/14	Lugo (Lugo)	209
LV Curso de Saúde Ambiental-VI Congreso Galego de Medio Ambiente & Saúde	23-27/02/15	Illa da Toxa – O Grove (Pontevedra)	127
Simposio Internacional Medio Ambiente y Salud (colaboración: Fundación Ramón Areces)	28-29/10/15	Santiago de Compostela (A Coruña)	136
Cumbre de Expertos en Medio Ambiente & Salud (con motivo del acto de entrega del título de Hijo Predilecto de Pontearreas a Francisco Peña)	27-28/05/16	Pontearreas (Pontevedra)	142
LVI Curso de Saúde Ambiental-VII Congreso Galego de Medio Ambiente & Saúde	14-17/11/16	Caldas de Reis (Pontevedra)	150
LVII Curso de Saúde Ambiental-II Congreso Lucense de Medio Ambiente	20-23/03/17	Vilalba (Lugo)	119
LVIII Curso de Saúde Ambiental-I Xornadas Ambientais e de Turismo Sostible no Camiño Portugués	16-18/10/17	Caldas de Reis (Pontevedra)	126
LIX Curso de Saúde Ambiental-V Congreso Internacional de Medio Ambiente & Salud en la era del desarrollo sostenible “Nuevos retos de futuro para Galicia y el planeta”	14-16/05/18	Santiago de Compostela (A Coruña)	128
LX Curso de Saúde Ambiental-II Xornadas Ambientais e de Turismo Sostible no Camiño Portugués	24-25/10/18	Caldas de Reis (Pontevedra)	70
LXI Curso de Saúde Ambiental-VIII Congreso Galego de Medio Ambiente & Saúde & Turismo Sostible no Salnés	26-28/03/19	Cambados e Sanxenxo (Pontevedra)	142
LXII Curso de Saúde Ambiental-III Xornadas Ambientais e de Turismo Sostible no Camiño Portugués	27-28/11/19	Caldas de Reis (Pontevedra)	61
LXIII Curso de Saúde Ambiental-IV Xornadas Ambientais e de Turismo Sostible no Camiño Portugués	26/11/20	Caldas de Reis (Pontevedra)	72
LXIV Curso de Saúde Ambiental-V Xornadas Internacionais de Medio Ambiente & Turismo Sostible no Camiño Portugués-Xacobeo 21-22	20-21/10/21	Caldas de Reis (Pontevedra)	61
LXV Curso de Saúde Ambiental-VI Xornadas Internacionais de Medio Ambiente & Turismo Sostible no Camiño Portugués-Xacobeo 21-22	29-30/11/22	Caldas de Reis (Pontevedra)	49
NÚMERO TOTAL DE ASISTENTES			6.717



XXV ANIVERSARIO – ACTO DE CLAUSURA

“25 anos de compromiso cos concellos galegos, con Galicia e coa saúde ambiental planetaria”

PROGRAMA PROVISIONAL

10.00 h.: Acreditación.

10.15 h.: BENVIDA a cargo do PROF. DR. D. FRANCISCO PEÑA, fundador Programa Galego Municipios Saudables e Sostibiles 2000-2025 e director Cursos de Saúde Ambiental.

10.30 h.: MESA REDONDA I: **“AS CLAVES PARA AFRONTAR AS GRANDES AMEAZAS AMBIENTAIS DO SÉCULO XXI: CONTRIBUCIÓN DO PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBILES 2000-2025 Á SAÚDE PLANETARIA”.**

MODERADOR: PROF. DR. D. FRANCISCO PEÑA

RELATORES:

- PROF. DR. D. JOSÉ IGNACIO ELORRIETA PÉREZ DE DIEGO, docente, investigador, escritor, experto en medio ambiente e saúde de recoñecido prestixio a nivel nacional e internacional; exaltocargo do Ministerio de Sanidad e do Goberno de Navarra, exdirector do Instituto de Saúde Pública de Navarra-Centro Colaborador da OMS.
- PROF^a DRA. D.^a SUSANA MÓNICA MARINHO PAIXÃO, docente e investigadora na Escola Superior de Tecnoloxía da Saúde do Instituto Politécnico de Coimbra, escritora, presidenta da Sociedade Portuguesa de Saúde Ambiental e expresidenta da IFEH-International Federation of Environmental Health.
- PROF. DR. D. ELEUTERIO MARTÍNEZ ALCÁNTARA, catedrático da Universidade Autónoma de Santo Domingo, Pontificia Universidade Católica Madre e Maestra, Universidade Nordestana; investigador, escritor; consultor e colaborador da FAO, PNUMA, UNICEF, INSTRAW; conselleiro científico e colaborador permanente de varias dependencias oficiais do Congreso Nacional e do Poder executivo da República Dominicana; expresidente da Academia de Ciencias da República Dominicana.
- PROF. DR. D. DOMINGO GÓMEZ OREA, catedrático da UPM, experto ambiental de recoñecido prestixio a nivel nacional e internacional, escritor.

11.30 h.: COFFE BREAK

12.00 h.: MESA REDONDA II: **“CONTRIBUCIÓN DO PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBILES 2000-2025 Á SOSTIBILIDADE AMBIENTAL DOS CONCELLOS GALEGOS E Á SAÚDE AMBIENTAL DE GALICIA”.**

MODERADOR: D. BENITO GARCÍA CARRIL, periodista ambiental e presidente da Asociación Galicia Ambiental.

RELATORES:

- D. AGUSTÍN BAAMONDE DÍAZ, alcalde de Vilalba 1990-2005/2016-2019 (Lugo).
- D.^a NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ, alcaldesa de Ponteareas (Pontevedra).
- D. FRANCISCO JOSÉ FUMEGA PIÑEIRO, alcalde de O Carballiño (Ourense).
- D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ, alcalde de Sanxenxo (Pontevedra).



XXV ANIVERSARIO – ACTO DE CLAUSURA

“25 anos de compromiso cos concellos galegos, con Galicia e coa saúde ambiental planetaria”

- D. JESÚS PEDREIRA MIRÁS, tenente alcalde e concelleiro de Medio Ambiente do Concello de Ordes 2003-2015 (A Coruña).
- D. JOSÉ MARÍA TOBIO BARREIRA, alcalde de Caldas de Reis 1995-2006 (Pontevedra).
- D. BERNARDO VARELA LÓPEZ, concelleiro de Medio Ambiente do Concello de Allariz (Ourense).
- D. FRANCISCO MEIS DURÁN, técnico de Medio Ambiente do Concello de O Grove (Pontevedra).

13.00 h.: MESA REDONDA III: **“CIENCIA, EMPRESA E SOCIEDADE: A SÚA IMPLICACIÓN NO PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2025 CARA Á UNIDADE DE ACCIÓN COAS ADMINISTRACIÓN A FAVOR DA SAÚDE AMBIENTAL DE GALICIA E PLANETARIA”.**

MODERADOR: PROF. DR. D. LUIS ESPADA RECAREY, doutor *The University of Manchester*, catedrático e exreitor da Universidade de Vigo, medalla Castelao.

RELATORES:

- PROF. DR. D. FRANCISCO JAVIER SANZ LARRUGA, catedrático da Universidade de A Coruña, experto en dereito ambiental.
- PROF^a. DRA. D.^a MARÍA JULIA MELGAR RIOL, catedrática da Universidade de Santiago de Compostela.
- D. JUAN MANUEL VIEITES BAPTISTA DE SOUSA, presidente da Confederación de Empresarios de Galicia, medalla Castelao.
- D. MANUEL AGUILAR LÓPEZ, exdirector de Obra Social Caixa Galicia.
- D. ESTANISLAO FERNÁNDEZ DE LA CIGONA NÚÑEZ, presidente da Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, medalla de prata de Galicia.
- D. ROBERTO LEDO GARRIDO, en representación da Asociación de Periodistas de Galicia, director do Diario Luso-Galaico.

14.00 h.: CLAUSURA a cargo de D.^a ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia.

14.30 h.: CÓCTEL DE DESPEDIDA.



XXV ANIVERSARIO – ACTO DE CLAUSURA

“25 anos de compromiso cos concellos galegos, con Galicia e coa saúde ambiental planetaria”

DESTINATARIOS

Técnicos/as, funcionarios/as e responsables políticos da Administración local, provincial e autonómica que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas de medio ambiente e saúde.

Profesorado da universidade, de ensino secundario e formación profesional que desenvolva a súa actividade ou estea relacionado/interesado nas áreas de medio ambiente e saúde.

Técnicos/as e xestores de empresas que desenvolvan a súa actividade nos departamentos de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais. Técnicos/as de turismo, promotores de negocio, axencias de viaxes, operadores turísticos.

Profesionais libres, titulados superiores e diplomados, técnicos superiores e de grao medio que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas de medio ambiente e saúde.

Axentes da conservación da natureza e medio ambiente, dos recursos hidráulicos, da riqueza cinxética, piscícola e forestal (axentes do Seprona-Garda Civil, axentes de policía autonómica, axentes de policía local, axentes forestais, axentes de gardacostas, voluntarios de protección civil, etc.).

Representantes de asociacións ecoloxistas, asociacións de montes, asociacións de consumidores, asociacións veciñais.

LUGAR DE CELEBRACIÓN, SEDE, DATAS E HORARIO

LUGAR: SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

SEDE: SALÓN DOS TIRANTES DA CIDADE DA CULTURA

DATA: XOVES 30 DE OUTUBRO DE 2025

HORARIO: 10.00 – 14.30 HORAS.

SECRETARÍA TÉCNICA (INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS)



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICO

Aforo limitado á capacidade do local. As prazas se cubrirán por rigorosa orde de inscrición.

É necesario inscribirse para asistir. A inscrición é gratuita.

Forma de inscrición “ONLINE”: cubrir o formulario de inscrición no enlace: <https://forms.gle/Ve6NwiwKEE1jk3Fq7>

Prazo de inscrición: abrírase o xoves día 25 de setembro, fixándose a data límite de formalizala o venres día 24 de outubro.

Máis información: 672 681 721 / actos.medioambiente@xunta.gal